

# COMO RECOÑECER UNHA PERSOA CON DEMENCIA



POR SOLIDARIDAD  
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL



**A**índa que recoñecer unha persoa con alzhéimer ou outra demencia é complicado ao comezo da enfermidade, conforme esta avanza, os signos resultan cada vez máis esclarecedores.


## Como recoñecer unha persoa con demencia?

- Comezan os esquecementos de citas, nomes de persoas, números de teléfono e palabras de uso común. Alteración da memoria a curto e longo prazo.



- Comezan os problemas de atención e a desorientación nas tres esferas: temporal, espacial e persoal.

- Dificultade para resolver operacións aritméticas sinxelas.



- Poden aparecer cambios na personalidade e no estado de ánimo, pasando da leducia á tristeza sen razón aparente.

- En estados avanzados, pódese producir un deterioro na capacidade de movemento ou ao camiñar.



## Como recoñecer unha persoa con demencia?

- Poden mostrarse asustados, desorientados e en alerta, podendo expresar pánico e mesmo agresividade perante situacións descoñecidas e/ou sen referente familiar que estea presente nese momento.



- En estados avanzados da enfermidade, non lembran quen son, onde viven nin os nomes dos seus familiares máis próximos.



eee...



- Poden presentar dificultade para comunicarse.


- Poden ter a ollada perdida nalgún punto descoñecido.



- En estados máis avanzados, se a persoa non ten unha supervisión, pode vestir de forma pouco habitual, con moita roupa (pórsese varios xerseis) o con roupa de verán (sendo inverno).

- Poden responder ás preguntas dunha forma pouco precisa ou confusa, cunha posibilidade de resposta errónea ante o que lles preguntamos.





Más información:  
[www.ceafa.es/entornos-amigables](http://www.ceafa.es/entornos-amigables)

CONTORNAS AMIGABLES  
E SOLIDARIAS COAS  
D E M E N C I A S



**CONFEDERACIÓN  
ESPAÑOLA DE  
ALZHEIMER**